- **PARCELAS RESULTANTES TRAS A PARCELACIÓN E POSTERIOR REGULARIZACIÓN:** A **parcela A**, que ten unha superficie de 17.863,20 m<sup>2</sup>, está integrada parcialmente no sector do solo urbanizable SUZ-1, tamén parte da mesma dentro dun ámbito de solo rústico de protección ordinaria (405,98 m<sup>2</sup>), e parte desta dentro dun ámbito de solo de núcleo rural. Desta parcela segregase a parte que está dentro do ámbito de solo rústico de protección ordinaria, cunha extensión de 405,98 m<sup>2</sup>, e agrupándose coa parcela xa segregada da parcela B (parcela B-4), acadando unha superficie total de 1.005,98 m<sup>2</sup>, dos cales 600 m<sup>2</sup> se corresponden coa ordenanza de SNR-B e os restantes 405,98 en rústico ordinario.
- Polo que as parcelas resultantes quedan do seguinte xeito, definíndose tamén, en aplicación do disposto polo artigo 150.5 da lei 2/2016, as superficies de cesión para viais de cada unha delas, resultando:
- **PARCELA B-2** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 897,10 m<sup>2</sup>, parte da mesma en SNR-B (651,87 m<sup>2</sup>) e parte en SNR-C (245,23 m<sup>2</sup>) que linda: Norte Parcela B; Sur Parcela B-3; Leste: estrada; Oeste: Parcela A. Superficie de cesión: 79,58 m<sup>2</sup>.
- **PARCELA B-3** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de: 897,10 m<sup>2</sup> parte da mesma en SNR-B (873,73 m<sup>2</sup>) e parte en SNR-C (23,37 m<sup>2</sup>), que linda: Norte Parcela B-2; Sur Parcela B-4; Leste estrada; Oeste Parcela A. Superficie de cesión: 78,72 m<sup>2</sup>.
- **PARCELA B-4** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.005,98 m<sup>2</sup>, parte da mesma 600 m<sup>2</sup> en SNR-B e parte 405,98e Solo Rústico de Protección Ordinario, que linda: Norte Parcela B-3; Sur Parcela A; Leste estrada; Oeste Parcela A. Superficie de cesión: 102,08 m<sup>2</sup>.
- **RESTO PARCELA B** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de superficie de 897,10 m<sup>2</sup>, parte da mesma en SNR-B (417,17 m<sup>2</sup>) e parte en SNR-C (479,93 m<sup>2</sup>), que linda Norte Parcela rexistral 15.089; Sur Parcela B-2; Leste estrada; Oeste Parcela A. Superficie de cesión: 95,54 m<sup>2</sup>.
- **RESTO PARCELA A** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de superficie de 17.457,22 m<sup>2</sup>, a maior parte da parcela está integrada parcialmente no sector do solo urbanizable SUZ-1, e parte desta dentro dun ámbito de solo de núcleo rural. m<sup>2</sup> que linda: Norte Blanca Ricoy de Borbón, Fricouso S.A.; Sur Pista; Este Fricouso S.A., parcela rexistral nº 15.098, parcela B e parcela B-2, parcela B-3 e parcela B-4; Oeste Fricouso S.A. Superficie de cesión: 74,35 m<sup>2</sup>.

**Segundo.-** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, segundo o Arquitecto Municipal superficie de cesión en total de 430,27 m<sup>2</sup> na franxa sita ao longo do vial, que comprende:





- *PARCELA B-2 segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de superficie de cesión de 79,58 m<sup>2</sup>.*
- *PARCELA B-3 segundo medición realizada e contemplada no Proxecto superficie de cesión de 78,72 m<sup>2</sup>.*
- *PARCELA B-4 segundo medición realizada e contemplada no Proxecto superficie de cesión de 102,08 m<sup>2</sup>.*
- *RESTO PARCELA B segundo medición realizada e contemplada no Proxecto superficie de cesión de 95,54 m<sup>2</sup>.*
- *RESTO PARCELA A segundo medición realizada e contemplada no Proxecto superficie de cesión: 74,35 m<sup>2</sup>.*

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

**Terceiro.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia).


**Cuarto.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### **XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA MARÍA DOLORES GUDE GARCÍA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA DE GALICIA. Expediente nº: RP 6/2015.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona M<sup>a</sup> Dolores Gude García**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:





## FEITOS

Primeiro.- O día 24 de xaneiro de 2015, dona M<sup>a</sup> Dolores Gude García ía camiñando cun carriño da compra pola rúa de Galicia, que neses intreos se atopaba en obras, cando o carriño meteuse na zona da obra, o que fixo que, co impulso de querer tirar do mesmo para sacalo da zona de obra, a Sra. Gude García perdesse o equilibrio, caendo ao chan na zona en obras.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Gude García sufriu un traumatismo no brazo dereito polo que tivo que ser trasladada ao Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron unha luxación no cóbado.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 30/03/2015 co número 3.346, dona M<sup>a</sup> Dolores Gude García, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos e lesións sufridos pola mencionada caída, ao considerar que a mesma foi debida ao mal estado da rúa ao atoparse en obras, estimando que debe ser indemnizada na cantidade total de 306 euros, cantidade que desglosa do seguinte xeito:

- 200 € de gastos por acudir ao fisioterapeuta.
- 81 € de gastos de desprazamento polas seis semanas que tivo que acudir ao hospital da barbanza para rehabilitación.
- 25 € polo custo do xersei que lle rompeu o persoal sanitario que a asistiu no momento da caída.


Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: informe do servizo de urxencias do Hospital do Barbanza emitido na data 24/01/2015; copia simple do informe de fisioterapia e rehabilitación emitido por dona María Martínez Paz na data 12/03/2015; copia simple da factura nº 03/15 emitida por dona María Martínez Paz, fisioterapeuta do Centro de Fisioterapia e Rehabilitación; dúas fotografías do estado do brazo.


Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 26/10/2015 co número 11.012, a reclamante achega: certificación emitida pola entidade Hermanos Ferrín S.L. sobre os gastos de desprazamento ocasionados ao ter que acudir ao Hospital da Barbanza para rehabilitación.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 20/10/2015 pola Policía Local.
- Informe emitido na data 06/06/2016 pola enxeñeira municipal.
- Informe emitido por SOGRANI S.L., rexistrado de entrada na data 30/09/2016 co número 12.725.
- Acta de prácticas das probas testemuñais realizadas na data 20/10/2016.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, presentándose alegacións pola entidade SONENSE DE GRANITOS S.L. mediante escrito rexistrado de





entrada na data 05/12/2016 co número 15.849, e no que á vista do que expón no referido escrito, entende que non existe nexo causal algún entre a realización das obras e o accidente sufrido pola reclamante.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

#### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).


#### Terceiro.-


O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no





seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. M<sup>a</sup> Dolores Gude García para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na rúa de Galicia, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do accidente.


A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.


Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. García Gude. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co mal estado da rúa ao atoparse esta en fase de reparación e colocación dun pavimento de pedra novo.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- Na data da caída sufrida pola reclamante, isto é, o día **24/01/2015**, o Concello de Riveira, a través da entidade adxudataria das obras, “*Sonense de Granitos S.L.*”, estaba a executar na rúa de Galicia, a obra de “*Reposición do pavimento das rúas de Galicia, Santa Uxía e Praza de Compostela*”, consistente na substitución da pedra da zona de rodadura central da rúa por lastro. Así se fai constar nos informes emitidos pola Policía Local e pola enxeñeira municipal.






- A 24 de xaneiro de 2015, a zona central da Rúa de Galicia tiña o pavimento levantado e estaba pechada ao tránsito peonil mediante dúas vallas metálicas situadas na entrada da rúa cun cartel indicativo de que estaba cortada por obras de repavimentación, e cinta de balizamento colocada entre as xardineiras situadas nos laterais. Para o referido tránsito estaban habilitados os dous marxes da rúa, cunha anchura suficiente para poder circular con comodidade. **A marxe esquerda, por onde camiñaba a reclamante, dispoñía de 1,9 metros de ancho de pavimento de lousas de pedra en perfecto estado.** Así se dispón no informe emitido pola enxeñeira municipal e pola Policía Local, que complementa o seu informe con dúas fotografías onde se aprecia de forma clara a sinalización existente na rúa por mor das obras que se estaban a realizar e o bo estado do pavimento da zona habilitada para o tránsito peonil.
- **As testemuñas ás que se tomou declaración no procedemento administrativo non son coincidentes no relato dos feitos acontecidos, o que lles resta credibilidade.** Así, dona M<sup>a</sup> Flor Casais Arestín manifesta que a reclamante ía cun carro da compra camiñando pola zona destinada ao tránsito e esta quixo apartarse un pouco para deixar pasar a outra persoa que viña en dirección contraria, e apoiouse nunha das vallas que delimitaban a zona de obras e que non estaban unidas, perdendo o equilibrio e caendo ao chan na zona da obra. Pola contra, a outra testemuña á que se tomou declaración, dona Josefa del Carmen Hermo Crujeiras, manifesta que a reclamante ao querer pasar falloulle un pe e caeu na zona da rúa que estaba en obras, e que nesa zona non recorda a existencia de vallas, si recorda a existencia de zonas nas que había unha cinta delimitando a zona de obras.

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: a caída sufrida pola reclamante non se debeu ao mal estado da rúa, xa que a zona por onde ía camiñando estaba en perfecto estado, e a obra que se estaba a realizar estaba sinalizada con vallas metálicas e cintas de plástico limitando a zona transitible, medidas que se entenden suficientes para o escaso desnivel que había entre a zona de tránsito e a zona de obras, e sen que se puidera considerar perigoso xa que non había maquinaria traballando. A caída parece mais ben debida a unha perda de equilibrio, dado que a reclamante ía camiñando cun carriño da compra e, como ela mesma manifestou á Policía Local, ao querer tirar polo carriño que se lle metera na zona de obra, fixo que se desestabilizara, caendo ao chan.

Non se aprecia, polo tanto, a existencia de relación de causalidade entre o estado da rúa no lugar e data da caída e as lesións da reclamante, entendendo que non se acredita que a caída se producira polo mal estado da rúa, podendo cualificarse como un infortunado accidente sufrido pola reclamante.

Por todo o exposto, a **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/12/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M<sup>a</sup> Dolores Gude García polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

## XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado Víctor Gabriel González Argibay en representación da **Asociación de Taxis de Riveira**, de data 28/12/2016 (Rexistro de entrada nº 16764), no que solicita a ampliación temporal (5 prazas) da parada de taxis da Rúa Rosalía de Castro (Riveira) durante a noite do 31/12/2016 ao 01/01/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar a ampliación temporal (5 prazas) da parada de taxis da Rúa Rosalía de Castro (Riveira) durante a noite do 31/12/2016 ao 01/01/2017 (Noite de Fin de Ano), así como da noite do 05/01/2017 ao 06/01/2016 (Noite de Reis)


## 2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE DÚAS PARCELAS CONTIGUAS SITAS NO LUGAR DE GÁNDARA, PARROQUIA DE ARTES, PARA APARCADOIRO MUNICIPAL.

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes,


### ANTECEDENTES DE FEITO

1º Na data 16 de decembro de 2016, o Alcalde dita Providencia na que pon de manifesto a pretensión do Concello de paliar a falta de espazo para aparcadoiro no lugar de Gándara, parroquia de Artes, coa adquisición de dúas parcelas contiguas propiedade de Manuel Dios Santamaría e Carmen Casais Gude, coas seguintes referencias catastrais 15074A039003530000KX e 15074A039011830000KQ, e cunha superficie de 374 m<sup>2</sup> e 397 m<sup>2</sup>, respectivamente.

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda das fincas antes referidas, uníndose ao expediente o informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 30/06/2016.







2º Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación:

- Datos catastrais dos inmobles referidos á data do 16/12/2016.
- DNI de Manuel Dios Santamaría.
- DNI de Carmen Casais Gude.
- Copia da escritura de "Partición de Herdanzas", autorizada polo Notario que foi de Riveira, don Óscar Manuel López Doval, na data 30 de outubro de 2.003, co número 1.295 de protocolo.
- Copia do testamento outorgado por dona Ramona Casais Sampedro, ante o Notario que foi de Riveira, don Mariano Sánchez-Brunete Casado, o 08 de xaneiro de 1974, co número 23 de protocolo.

3º Consta no expediente informe emitido na data 30 de xuño de 2016 polo arquitecto municipal, don Alberto Iglesias Fungueiriño, no que valora os inmobles que se pretenden adquirir do xeito que se recolle a continuación:

En consecuencia o valor por m2 de cada unha das parcelas é o seguinte: **21,17 euros**. Deste xeito a valoración do total das dúas parcelas queda así: **21,17 euros/m2 x 771 m2 = 16.322,07 euros**.  
**Ascendendo a presente valoración á cantidade de dezaseis mil trescentos vinte e dous euros e sete céntimos.**

4º Mediante informe emitido na data 19 de decembro de 2016, a enxeñeira municipal xustifica o interese público da súa compra.


5º Na data 28 de decembro de 2016, o interventor municipal accidental emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente para o ano 2016 é 1.898.838,56 €.


#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporación Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmobles, as seguintes actuacións formais:





a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmueble, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.

b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmuebles de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

A competencia para a adquisición de bens inmuebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial corresponde ao Alcalde, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros. Así mesmo corresponde ao Pleno a adquisición de bens inmuebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando non estea atribuída ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor (Disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), co quórum da maioría simple (artigo 47.1 LRBRL); sendo delegable o exercicio da competencia por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

**Segundo.-** No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, dos inmuebles que se describen a continuación:

1.- *Descrición: Parcela denominada "MONTE DA GÁNDARA", sita no lugar de Gándara, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, da superficie de 374 metros cadrados, que linda: Norte, Ramona Casais; Sur, herdeiros de Domingo Martínez; Este, camiño e Campo do Grupo Escolar de Artes; e Oeste, camiño.*

*Propietario: Manuel Dios Santamaría, con DNI número 76449466L, e domicilio no lugar de Muiños, nº 3, parroquia de Artes, Riveira.*

*Título: Perténcelle por herdanza dos seus pais, don José Dios Casais e dona Dolores Santamaría Crujeiras, segundo consta en escritura de "Partición de Herdanzas", autorizada polo Notario que foi desta Cidade de Riveira, don Óscar Manuel López Doval, na data 30 de outubro de 2.003, co número 1.295 de protocolo.*


*Inscrición: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*


*Referencia catastral: 15074A039003530000KX.*

*Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.*

*Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.*

2.- *Descrición: Parcela sita no lugar de Gándara, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, da superficie de 397 metros cadrados, que linda: Norte, parcela 354 do polígono 39; Sur, parcela propiedade de Manuel Dios Santamaría de*





*referencia catastral 15074A039003530000KX; Este, camiño e Campo do Grupo Escolar de Artes; e Oeste, camiño.*

*Propietario: Carmen Casais Gude, con DNI número 33080509T, e domicilio no lugar de Gándara, nº 19, parroquia de Artes, Riveira.*

*Título: Perténcelle por herdanza da súa tía, dona Ramona Casais Sampedro, segundo consta en testamento outorgado ante o Notario que foi da cidade de Riveira, don Mariano Sánchez-Brunete Casado, o 08 de xaneiro de 1.974, co número 23 de protocolo.*

*Inscrición: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*

*Referencia Catastral: 15074A039011830000KQ.*

*Clasificación do solo: Solo de núcleo rural.*

*Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.*


Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.


En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 30 de xuño de 2016 polo arquitecto municipal, no que se valoran os inmobles dos que se pretende a súa adquisición nun total de 16.322,07 €.

En informe emitido na data 28 de decembro de 2016, resulta acreditado polo Sr. Interventor de Fondos a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmobles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais. A estes efectos, o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, posibilita a adxudicación dos contratos mediante procedemento negociado (adxudicación directa) cando por razóns técnicas o contrato solo poida encomendarse a un empresario determinado (artigo 170 d). Por outra banda, o artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, dispón que: *"A adquisición terá lugar mediante concurso público, salvo que acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben."*







No presente caso, no informe emitido na data 19 de decembro de 2016 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición: *“O polideportivo e o colexio de educación primaria da parroquia de Artes, están ubicados no lugar de Gándara da referida parroquia, un ao carón do outro. Así mesmo, e a uns metros das citadas instalacións municipais, atópase o Centro Cultural de Artes, o que fai que o citado lugar sexa un espazo moi concorrido, tanto de vehículos como de persoas. O Concello xa fai tempo que se ten decatado do problema da falta de espazo para aparcadoiro que existe na zona, debido á cantidade de vehículos que acoden a diario, ben para acudir ao colexio ou as instalacións deportivas, ou ben para achegarse ao centro cultural. Co obxecto de paliar este problema de falta de espazo para aparcadoiro, sería necesario a adquisición de terreos, en concreto de dúas parcelas contiguas propiedade de Manuel Dios Santamaría e Carmen Casais Gude, coas seguintes referencias catastrais 15074A039003530000KX e 15074A039011830000KQ, e cunha superficie de 374 m<sup>2</sup> e 397 m<sup>2</sup>, respectivamente. Así se indica na Providencia da Alcaldía de data 16/12/2016, pola que se inicia expediente administrativo para a adquisición por compravenda das parcelas referidas co fin de destinalas a aparcadoiro. Estudadas e examinadas as características das parcelas, resulta que están situadas a moi curta distancia tanto do polideportivo como do colexio de educación primaria; teñen unha forma bastante regular, formando entre as dúas un rectángulo dunha superficie de 771 metros cadrados, o que facilita o seu acondicionamento para o fin que pretende o Concello; e dan fronte á vía pública, á que tamén dan fronte as instalacións municipais referidas e o Centro Cultural de Artes. Por outra banda, as fincas que están contiguas a estas, ou ben teñen unha menor superficie, ou a súa forma é mais irregular, ou ben sobre as mesmas existe algunha edificación, como a que linda polo lindeiro Sur coa finca de referencia catastral 15074A039003530000KX. Todas estas características: superficie, forma, situación e acceso propio, fan que estas parcelas sexan especialmente idóneas ao obxecto da súa adquisición polo Concello, o que imposibilita a adquisición doutras fincas e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas.”*; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.

O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, a **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/12/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**Primeiro.-** Adquirir a parcela denominada “MONTE DA GÁNDARA”, sita no lugar de Gándara, parroquia de Artes, do municipio de Riveira, da superficie de 374 metros cadrados, descrita no punto anterior, coa referencia catastral 15074A039003530000KX, propiedade de don Manuel Dios Santamaría (DNI número 76449466L), polo prezo de 7.917,58 euros; e a parcela sita no lugar da anterior, da superficie de 397 metros cadrados, descrita no punto anterior, coa referencia catastral 15074A039011830000KQ, propiedade de dona Carmen Casais Gude (DNI número 33080509T), polo prezo de 8.404,49 euros, o que fai un total polas dúas fincas de 16.322,07 euros, que se fará efectivo mediante cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda.

**Segundo.-** A parte vendedora queda obrigada á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

**Terceiro.-** Incluír os inmobles adquiridos no Inventario de Bens do Concello e proceder á súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia.

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos pertinentes.

**Quinto.-** Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

**Sexto.-** Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 29 de decembro de 2016

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle

